

Laura Touriñán asina un volume sobre a vida e a obra de Marcial del Adalid que actualiza os coñecementos que temos sobre un compositor só parcialmente recoñecido, e que revisa o importante fondo que sobre el posúe a Real Academia Galega.

Texto Manuel Xestoso @MXestoso + Foto Nós Diario

Marcial del Adalid reivindicase como inventor da música galega académica

A Real Academia Galega vén de editar un libro de Laura Touriñán que recupera e reivindica a figura do compositor

Cando faltan apenas dous anos para que se celebre o segundo centenario do nacemento do compositor Marcial del Adalid, a Real Academia Galega (RAG) publica un estudo de Laura Touriñán, *Marcial del Adalid e o seu legado na Real Academia Galega*, que vai máis alá do que anuncia o título para se converter nun texto fundamental para o coñecemento da música galega culta e o dos seus protagonistas.

A publicación nace dun ambicioso proxecto da RAG que abrangue a dixitalización das fontes documentais e musicais de Marcial del Adalid que custodia a institución, a dos dous libros editados pola Academia -material dispoñíbel a través da web institucional e do portal Galiciana-, así como unha nova catalogación de todo o Fondo Marcial del Adalid e a edición desta nova monografía.

"En realidade, o proxecto nace do encontro das nosas inqu-

danzas de investigación", explica Laura Touriñán en conversa con *Nós Diario*. "A RAG xa estaba inmersa nese necesario traballo de custodia do seu Fondo Marcial del Adalid e eu viña de presentar a miña tese de doutoramento sobre o compositor. Nese proceso de escrita da tese, cataloguei a biblioteca musical de Adalid e unha pequena parte do seu legado que está fóra da RAG. Vimos que os nosos traballos se complementaban e pensamos que era necesario un labor de transferencia de coñecemento á cidadanía, de divulgación fundamentada, e xurdiu a idea de escribir este libro".

Nacionalismo musical

O libro foi medrando até converterse nun ensaio sobre a figura e a obra de Marcial del Adalid que deita unha nova mirada sobre o compositor e a súa época. Para empezar, pondo en valor a súa orixe burguesa, unha etiqueta que se lle apón a un amplo e variado segmento social, o que se encontra entre a antiga nobreza e a clase traballadora, e que inclúe

desde os grandes capitalistas até os pequenos comerciantes- como motor da súa obra.

"Quería referirme á burguesía como clase cultural que ten unhas dinámicas propias, as súas formas de socialización e, sobre todo, os seus rituais que, en moitas ocasións, adoptan e adaptan ideas estranxeiras como forma de reafirmar o seu europeísmo ou o seu cosmopolitismo", declara Touriñán.

A pertenza a esa clase social e cultural -naceu no seo dunha familia da alta burguesía empresarial coruñesa - permitiulle ao compositor recibir unha coidada educación integral e viaxar por Europa para formarse e atopar alí os movementos nacionalistas que nutrían a música máis avanzada do momento: Liszt en Hungría, Chopin en Polonia, Verdi en Italia... puñan un especial énfase nos elementos musicais nacionais como o uso de cancións, bailes e ritmos populares ou na adopción de temas nacionalistas para óperas, poemas sinfónicos e outras formas de música.



Retrato de Marcial del Adalid e Fanny Garrido.

TOURIÑÁN REVISAR O LIBRO O PAPEL DA BURGUESÍA COMO 'CLASE CULTURAL'

"Marcial del Adalid é un músico actualizado, que estaba perfectamente ao tanto das tendencias activas na súa época", reflexiona Touriñán. "Toda manifestación artística é froito dun contexto, e no tempo de Del Adalid, o nacionalismo vertebraba as tendencias culturais europeas, do Estado español e, por suposto, da Galiza. El coñece de primeira man todo o ambiente cultural do Rexurdimento e mesmo participa nalgúns dos seus eventos máis memorábeis, como os Xogos Florais da Coruña de 1861. E a música que compón sitúao como pionei-



O LIBRO RECUPERA TAMÉN A FIGURA DE FANNY GARRIDO



ro en varios xéneros da música académica galega. É o primeiro, por exemplo, en facer música de salón inspirada nas melodías populares, ou en escoller temas como o de Pedro Madruga para as súas obras escénicas. Logo virían outros como Xoán Montes, Canuto Berea ou Xosé Castro *Chané*, pero el foi o primeiro".

O elemento identitario galego móstrase, segundo Touriñán, a través das melodías populares autóctonas, das que o autor parte e sobre as que realiza adaptación ao xénero que corresponda. Porén, as formas nas que o autor

logra evocar o *son da Galiza* varían segundo a obra, desde a citación directa de melodías tradicionais até a creación doutras novas inspiradas nas de orixe popular.

Mais Touriñán deixa claro no seu estudo que o título de *pionero* non é o único que xustifica o interese pola súa obra.

"Adalid é o creador de xéneros musicais con *cor identitaria* como a canción lírica, a zarzuela e a ópera galegas, pero tamén é un compositor que logra darlle un selo propio á estética do Romanticismo e, ademais, dunha versatilidade moi pouco

común cunha obra abundante e variada. As súas obras son moi pouco coñecidas e as que -relativamente- se popularizaron representan unha parte mínima da súa produción. A súa obra para piano, por exemplo, é interesantísima e moi diversa".

Touriñán, ademais, chama a atención sobre o carácter *pedagóxico* da produción de Adalid. "Se nos fixamos nas dedicatorias das obras vemos que estas se adaptan ás facultades dos dedicados. Se a obra está dedicada a un intérprete profesional, como o seu amigo Juan M.^a Guelbenzu, adoita ter un nivel técnico moi complexo, mentres que se a persoa á que se lle dedica é máis amateur, a dificultade suavízase en gran medida".

Fanny Garrido e María del Adalid

Ao repasar a vida de Marcial del Adalid, o libro recupera tamén a figura da súa muller, Fanny Garrido, unha escritora, tradutora e columnista cuxa figura tamén merece ser rescatada do esquecemento do que é vítima.

"Nos últimos tempos, estase escribindo máis sobre ela, pero Fanny Garrido merecería ter máis presenza na vida cultural galega. Foi unha muller cuxas colaboracións literarias na prensa da época -contos ou artigos de crítica social- deixaron patente que era unha muller cunha sensibilidade social moi adiantada ao seu tempo, e que tiña moi presente o progreso social e a dignificación da cultura da Galiza. Creo que merece máis atención da que suscita", afirma a autora.

Igualmente, o libro detense na figura de María del Adalid, única filla do matrimonio, quen tamén se transformará nunha personalidade galega transcendente polo seu labor de mecenado e pola súa actividade pictórica.

"A súa participación en exposicións, nacionais e internacionais foi constante, pero ademais estivo activamente implicada en labores de mecenado até o final dos seus días", remata.

Laura Touriñán co seu libro.



RAG

O fondo da Academia Galega

Laura Touriñán non deixa de exaltar a importancia do fondo da RAG na conservación e difusión da obra de Adalid. "As partituras da súa biblioteca permiten saber con quen se relacionou, quen foi amigo verdadeiramente achegado, como o autor manifestaba cariño aos seus seres benqueridos converténdoos en dedicados da súa obra, en que lugares estivo e en que datas, que estilos, xéneros musicais e compositores foron inspiración para a súa propia obra...".



RAG

Retrato fotográfico de Marcial del Adalid.



RAG

Partitura de 'Inés e Bianca', considerada a primeira grande ópera galega.